

O visitantes coñecerán o funcionamento dos distintos departamentos, como se elabora a predición meteorolóxica ou as ferramentas que se empregan

A XUNTA CELEBRA O 23 DE MARZO O DÍA METEOROLÓXICO MUNDIAL CUNHA XORNADA DE PORTAS ABERTAS NA SEDE DE METEOGALICIA

- ***Nesta visita, que se deberá reservar vía web, poderase acceder á sala onde se elaboran os prognósticos meteorolóxicos diariamente***
- ***Na entrada do edificio haberá unha exposición de aparellos meteorolóxicos, onde os técnicos explicarán o seu funcionamento***
- ***Outra actividade que tamén se propón para este día é a visita ao radar meteorolóxico localizado en Cuntis no monte Xesteiras, enclave privilexiado para a observación e da precipitacións asociada, fundamentalmente, ás fronte atlánticas***

Santiago, 13 de marzo de 2012.- A Xunta de Galicia unirase ás celebracións do Día Meteorolóxico Mundial, o vindeiro venres, 23 de marzo, cunha xornada de portas abertas nas súas instalacións de Santiago de Compostela dirixida á toda a cidadanía.

Durante ese día poderanse visitar as instalacións de Meteogalicia, onde se explicará o funcionamento dos distintos departamentos, como se elabora a predición meteorolóxica, ferramentas que se empregan, rede de estacións meteorolóxicas, etc. Nesta visita poderase acceder á sala onde se elaboran os prognósticos meteorolóxicos diariamente. Deste xeito, os asistentes terán a posibilidade de observar cómo usan os meteorólogos, encargados dos prognósticos, a información dispoñible, que se engade a súa experiencia e coñecementos das peculiaridades climáticas galegas.

Por unha banda, os asistentes verán como chega a información das estacións meteorolóxicas distribuídas polo territorio galego, de forma que se poden coñecer os valores das distintas variables meteorolóxicas en toda Galicia, e por outra banda como esta información se complementa coas imaxes do satélite Meteosat, cos datos que se reciben do radar meteorolóxico, os datos que achega a rede de detección de raios ou o sistema de radiosondaxe. Con toda esta información, o meteorólogo ten unha idea clara do estado real da atmosfera. Isto será o punto de partida para poder prognosticar adecuadamente e a continuación para levar un seguimento en tempo real da situación.

Modelos de predición

Tamén serán motivo de explicación os modelos meteorolóxicos, que resollen as ecuacións que explican a dinámica atmosférica. Estes modelos son executados, pola súa complexidade, no caso de Meteogalicia no Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga). Serán estes modelos meteorolóxicos, os que axudarán ao predictor a realizar os prognósticos para os vindeiros días, sabendo como se situarán os centros de acción: borrascas e anticiclóns nas distintas xornadas. Os modelos de predición meteorolóxica non son entes estáticos senón que han de ser mellorados e completados continuamente, sempre en contacto cos distintos avances que se producen non soamente en España, senón a nivel mundial. Igualmente importante resulta o equipo que mantén as bases de datos e permite a publicación áxil da información na páxina web de Meteogalicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Como complemento á visita ás instalacións de Meteogalicia, na entrada do edificio haberá unha exposición de aparellos meteorolóxicos. Distintos técnicos de Meteogalicia explicarán o seu funcionamento, así como a situación dos mesmos nas estacións meteorolóxicas. Tamén poderán ver unha estación de calidade do aire polo miúdo e descubrir como é a calidade do aire das nosas cidades.

Visita ao radar de Cuntis

Outra actividade que tamén se propón para este día é a visita ao radar meteorolóxico localizado en Cuntis no monte Xesteiras, enclave privilexiado para a observación da precipitacións asociada, fundamentalmente, ás fronte atlánticas, aínda que tamén moi importante na detección de treboadas e seguimento de situacións meteorolóxicas adversas en xeral.

O radar meteorolóxico é unha ferramenta imprescindible para prognosticar en condicións de chuva. En esencia, trátase dun emisor de ondas electromagnéticas na parte do espectro chamado microondas. A particularidade é que a lonxitude de onda desta emisión é comparable co tamaño das gotas de auga, de forma que se as microondas atopan unha fronte de chuvias, parte da emisión rebotará e será medida na antena do radar. Desta forma, en función do que chegue reflectido (reflectividade), poderá saberse a cantidade de precipitacións que pode caer, e mesmo diferenciar se o tipo de precipitación é de sarabia ou neve.

Estas actividades van destinadas a colexios, institutos, asociacións culturais e público en xeral. Toda a xente interesada poderase apuntar vía web, na páxina de Meteogalicia: www.meteogalicia.es.

Desde 1950

Coma cada ano, o 23 de marzo celébrase o Día Meteorolóxico Mundial dedicado a un tema elixido por convenio. Ese día conmemora a entrada en vigor en 1950 da Convención da Organización Meteorolóxica Mundial, creándose dita Organización. En 1951 foi designada como unha axencia especializada das Nacións Unidas.

Este ano, o tema seleccionado é: "*O tempo, o clima e a auga, motores do noso futuro*". Este tema quere ilustrar os beneficios das predicións meteorolóxicas e dos coñecementos climáticos para a óptima xestión dos recursos en diferentes sectores, incluíndo as enerxías renovables e os recursos hidráulicos.

Diariamente os servizos meteorolóxicos e hidrolóxicos recollen e analizan os datos relacionados co tempo atmosférico, o clima e a auga, converténdose nestes tempos difíciles, nun valor engadido, como información que protexe vidas e bens. Esta aportación de coñecementos meteorolóxicos e hidrolóxicos é fundamental, tanto para os poderes públicos, as empresas coma para o cidadán particular, co fin de asegurar o presente e futuro da nosa sociedade e do noso planeta.

**SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO
E INFRAESTRUTURAS**